

enlaza vigo

contra a violencia de xénero



“Enlaza Vigo”. Cadea humana contra a Violencia de Xénero 25 de Novembro de 2011



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



enlaza vigo

contra a violencia de xénero



Introdución:

A Violencia de Xénero deixou de ser un fenómeno invisible en España en 2003. Naquel ano o Goberno de España comezou a darlle tratamento estatístico efectivo a unha das maiores lacras da sociedade: a violencia desenvolvida contra as mulleres no seu contorno máis próximo e a mans das súas parellas ou exparellas.

A visibilidade da Violencia de Xénero ten posto de manifesto unha cruda realidade. Desde 2003 e ata hoxe case 600 mulleres foron asasinadas (datos do Ministerio de Igualdad) vítimas da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder que os homes exerceron contra elas.

Para facer fronte á inmensa dor que a Violencia de Xénero xera ás mulleres e ao seu ámbito familiar, entraron en vigor leis e servizos que teñen por obxectivo favorecer a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

No entanto, a batería de iniciativas desenvolvidas ao longo destes últimos nove anos arrojan un tímido resultado. Cada ano son asasinadas unha media de 66 mulleres por Violencia de Xénero en todo o país.

Resulta evidente pois, que as Administracións públicas e os poderes do Estado precisan, na súa loita contra a Violencia de Xénero, da resposta contundente e clamorosa do conxunto da sociedade, porque a pasividade é un arma máis no terrorismo machista.

Co gallo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Consello Municipal da Muller propón que o 25 de novembro a cidadanía de Vigo participe dun xeito masivo nunha cadea humana para expresar con contundencia a condena do machismo e da violencia contra as mulleres como unha das súas consecuencias máis dramáticas.

Para acadar este obxectivo, o Consello Municipal da Muller reclamará a implicación e participación de máis de 200 institucións e organizacións da cidade, así como a adhesión particular da cidadanía a través das redes sociais e de diferentes accións de promoción e chamamento.

A convocatoria da cadea humana “Enlaza Vigo contra a Violencia de Xénero” foi acordada pola Comisión de Traballo do Consello Municipal da Muller o pasado día 10 de outubro e forma parte dunha ambiciosa campaña posta en marcha polo Consello Municipal da Muller co gallo do 25 de novembro baixo o lema “O machismo mata”.

Unha vez máis, o movemento feminista de Vigo, referente na loita contra a discriminación das mulleres e cunha longa traxectoria a prol da igualdade, é quen de liderar unha iniciativa na que se demanda a implicación de toda a cidadanía.

enlaza vigo

contra a violencia de xénero



Obxectivo: Organizar unha cadea humana para denunciar e concienciar a sociedade sobre a Violencia de Xénero.

Convocan: Consello Municipal da Muller e Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Data: 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. Venres.

Horario: Ás 11,00 horas.

Trazado: A cadea humana terá dous puntos de encontro: O frontal do Museo de Arte Contemporánea na rúa Príncipe, e a Praza do Rei, diante do Concello de Vigo.

Participantes: O conxunto da cidadanía está convidada a participar nesta cadea humana contra a Violencia de Xénero. O Consello Municipal da Muller reclamará a implicación e participación de máis 200 institucións e organizacións da cidade.

* Na cadea humana situaranse 600 siluetas de muller, en representación e homenaxe ás vítimas da Violencia de Xénero que se contabilizan desde 2003 en España (datos do Ministerio de Igualdad). Deste xeito simbólico, preténdese facer visible a traxedia que representa o terrorismo machista.

Lema: **Enlaza Vigo**
contra a violencia de xénero



enlaza vigo

contra a violencia de xénero



Promoción e convocatoria

Contactarase con case 200 institucións e organizacións para confirmar asistencias e organizar a ubicación dos grupos nas rúas

O obxectivo das entidades convocantes é contactar de xeito directo con máis 200 institucións e organizacións para convidalas a participar na cadea humana “Enlaza Vigo contra a Violencia de Xénero”.

Institutos, conservatorios, escolas municipais, universidade, asociacións de mulleres, sindicatos, asociacións veciñais, sociedades culturais, centros cívicos, centros sociais, clubs deportivos, colectivos empresariais, institucións públicas, etc. serán os colectivos destinatarios deste chamamento cívico dirixido a acadar un compromiso real e unha implicación decidida para combatir o terrorismo machista.

Estas organizacións e institucións interesadas en ser parte integrante da gran cadea humana recibirán información e material promocional para acadar a maior difusión posible desta iniciativa.

Voluntariado

Os e as participantes disporán do apoio de voluntarios e voluntarias para ubicarse no tramo que lles corresponde no momento de iniciar a cadea humana.

enlaza vigo

contra a violencia de xénero



**Haberá persoas
coñecidas do
ámbito da
cultura,
os deportes,
etc. que actuarán
como enlaces
nesta iniciativa**

Enlaces

A cadea humana contra a Violencia de Xénero, Enlaza Vigo, contará coa participación da figura do “Enlace”, persoas con capacidade de prescrición dos ámbitos da cultura, o deporte, a política, a docencia, os medios de comunicación, as redes sociais...

Estas persoas, ademais de implicarse na convocatoria, cederían a súa imaxe para o uso en ferramentas de promoción e, sobre todo, no blog e nas redes sociais.

“Eu voume enlazar. ¿E ti?”

Enlaza Vigo contra a violencia de xénero

Vigo, 25 de novembro

enlazavigo

contra a violencia de xénero



Perfiles específicos nas redes sociais tratarán de sumar adhesións e servir de canle de información

Os medios de comunicación serán aliados activos na difusión desta campaña

Convocatoria pública e redes sociais

Sendo esta unha convocatoria de carácter xeral haberá tamén un chamamento á participación activa da cidadanía. Esta convocatoria centrarase en dúas áreas:

Redes sociais:

- Un blog actualizado diariamente irá dando conta das novas incorporacións, tanto de organizacións e institucións como de enlaces. <http://www.enlazavigo.com/>
- O blog estará sincronizado con perfiles de Facebook (<http://facebook.com/enlazavigo>) e Twitter. Enviaránse solicitudes de adhesión ou “amizade” a persoas activas nas redes sociais para acadar a máxima difusión destas mensaxes.

Medios de comunicación:

Buscaremos a implicación activa dos medios de comunicación, a través da súa colaboración na promoción e difusión desta gran cadea humana coas ferramentas habituais:

- Roldas de prensa de presentación da campaña e balance previo de participación.
- Notas de prensa nas que se dará conta dos avances no desenvolvemento da campaña e de todo feito noticiable como adhesións, xestións, etc.

